



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 30 de xuño de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Burela. (expediente IN407A 2020-10AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "LAT SUBTERRÁNEA, NUEVO CT ANCARES Y RBT SUBTERRÁNEA EN O PERDOURO (OPA 1-61680)"
- Situación: concello de Burela
- Características técnicas:
 - Liña soterrada de Alta tensión a 20Kv Burela 1, con orixe nun empalme realizado nunha arqueta ubicada diante do CT Cantiño 33 (3703), entra e sae no CT proxectado Ancares e remata nunha cela existente do CT Cantiño 33 (3703), cunha lonxitude de 680 metros en condutor tipo RHZ1-240.
 - Centro de Transformación prefabricado Ancares, cunha potencia máxima admisible de 630KVA e unha potencia inicial de 160Kva, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V.
 - RBT soterrada formada por dous circuitos con orixe no CT Proxectado Ancares e final nun paso aéreo a soterrado para conexión coas RBT's existentes en condutor RV-150, cunha lonxitude de 280 metros.
 - Desmontaxe do actual CT intemperie Panadería Ancares (7714), 10 metros de RHZ-240 e 30 metros de LA-56.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 30 de xuño de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 1477

Anuncio

Resolución do 1 de xullo de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Ribadeo. (expediente IN407A 2020-05AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "LÍNEA SUBTERRÁNEA DE MEDIA TENSIÓN, CENTRO DE SECCIONAMIENTO Y LÍNEA SUBTERRÁNEA DE BAJA TENSIÓN SERVICIOS AUXILIARES PARA HOTEL EN C/ MARINA ESPAÑOLA 29 LUGO NS 59136"
- Situación: concello de Ribadeo
- Características técnicas:
 - Líña soterrada de Media Tensión a 20KV, con orixe nunha cela de liña proxectada no centro de seccionamento proxectado Hotel Marina Española e final nunha cela de liña existenete no CT Trovador Esquiú (2712), cunha lonxitude de 90 metros en condutor RHZ1-240.
 - Centro de seccionamento non prefabricado Hotel Marina Española, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de interruptor automático.
 - Líña soterrada de baixa tensión para servicios auxiliares, con orixe na liña soterrada de baixa tensión do CT Armórica (592) e final no CS proxectado, cunha lonxitude de 12 metros en condutor tipo RZ-95.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 1 de xullo de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 1478

Anuncio

Resolución do 21 de abril de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Oourol. (Expediente IN407A 2019-63AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A

- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: ““TELECONTROL NUEVO CS TOXOSO DEL MEDIO”
- Situación: concello de Ourol
- Características técnicas:
 - Liña aérea de Alta Tensión existente Centrales a 20Kv, consistente na instalación dun novo apoio proxectado tipo C-2000-20 entre os existentes A220632 e A263929, no cal se realizara o paso aéreo a soterrado para levar as liñas ao CS proxectado, mantense o mesmo condutor.
 - Liña de Alta tensión soterrada Centrales dende SE Magazos, con orixe no apoio proxectado e final no CS Toxoso do Medio proxectado, cunha lonxitude de 35 metros en condutor tipo RHZ1-150mm.
 - Liña de Alta tensión soterrada Centrales dirección CT 1437 Borra y otros, con orixe no CS Toxoso do Medio proxectado e final no apoio proxectado, cunha lonxitude de 35 metros en condutor tipo RHZ1-150mm.
 - CS Toxoso do Medio en edificio prefabricado, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección con trafo para servizos auxiliares.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

De conformidade co establecido na Disposición adicional oitava do Real Decreto Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo lo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte o COVID-19, o referido prazo para a interposición do recurso segundo o disposto na resolución, computarase dende o día seguinte hábil á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo que transcorra dende a notificación da actuación administrativa obxecto do recurso ou impugnación con anterioridade á declaración do estado de alarma.

O antedito enténdese sen prexuízo da eficacia e executividade do acto administrativo obxecto de recurso ou impugnación.

Lugo, 21 de abril de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 1479

Anuncio

Resolución do 13 de maio de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello da Lugo. (Expediente IN407A8658AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: “AMPLIACION DE POTENCIA CD VILLAMOURE (13400)”

- Situación: concello de Lugo

- Características técnicas:

- Substitución no centro de transformación existente Villamoure (13400) do actual transformador de 160kVA por un de 400kVA, cunha relación de transformación 20.000-400/230V.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

De conformidade co establecido na Disposición adicional oitava do Real Decreto Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo lo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte o COVID-19, o referido prazo para a interposición do recurso segundo o disposto na resolución, computarase dende o día seguinte hábil á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo que transcorra dende a notificación da actuación administrativa obxecto do recurso ou impugnación con anterioridade á declaración do estado de alarma.

O antedito enténdese sen prexuízo da eficacia e executividade do acto administrativo obxecto de recurso ou impugnación.

Lugo, 13 de maio de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 1480

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

GABINETE DE FORMACIÓN

Anuncio

CONVOCATORIA CURSO PLAN INTERADMINISTRATIVO

INAP - DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ANO 2020

Asinándose o 18 de xaneiro de 1997 o Convenio Marco de Colaboración entre o Ministerio de Administracións Públicas e a Deputación Provincial de Lugo para a realización en Lugo de accións formativas para o persoal ao servizo das Corporacións Locais. Asinándose, asemade, o 21 de marzo de 1997 o Convenio de Colaboración en materia de formación entre a Deputación Provincial de Lugo e o COSITAL Lugo, e á vista da Resolución de 9 de marzo de 2020 do INAP (BOE 12-03-2020), pola que se convocan accións formativas descentralizadas incluídas no plan de formación en colaboración coas entidades locais para o ano 2020, esta Presidencia en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99 de 21 de abril,

RESOLVE:

1º.- Ordena-la publicación no Boletín Oficial da Provincia da Resolución do INAP de 9 de marzo de 2020 no referido á convocatoria do curso:

- **PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS. PROBLEMÁTICA ACTUAL**

2º.- Autorizar á Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento a realiza-los trámites necesarios para desenvolver o acordo ao que se chegou coa Subdirección de Formación Local do Instituto Nacional de Administración Pública.

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no ANEXO desta convocatoria. O citado curso desenvolverase dacordo coas seguintes bases:

1. Obxecto e destinatarios/as. Mediante esta resolución convócanse accións formativas descentralizadas dirixidas ao persoal ao servizo das Administracións públicas, preferentemente o de Administración local, que cumpra os requisitos esixidos no apartado de destinatarios/as de cada un dos cursos, segundo descríbese no anexo.

2. Presentación de solicitudes. Quen desexe participar no curso convocado deberá presentar a correspondente solicitude que será accesible tras a selección do curso ao que se desexa asistir nas seguintes direccións: www.inap.es/cursos-de-administracion-local e <https://buscadorcursos.inap.es>.

O consentimento do/a superior xerárquico/a enténdese concedido desde o momento en que accede a participar en accións formativas nas que haxa resultado seleccionado/a. O envío da solicitude telemática debidamente cumprimentada supón a aceptación expresa das normas e procedementos que rexen cada un dos cursos.

3. Requisitos dos/as participantes.- Poderá solicitar a asistencia ao curso convocado o persoal ao servizo das Administracións Públicas, preferentemente o de Administración local, que cumpra os requisitos esixidos no apartado de destinatarios/as de cada curso.

4. Prazo de presentación de solicitudes.- O prazo de presentación de solicitudes rematará o **28 de setembro de 2020**.

5. Selección.- A Subdirección de Formación Local seleccionará aos asistentes de entre as solicitudes que cumpran os requisitos, atendendo ao perfil dos/as candidatos/as en relación cos obxectivos do curso.

A proposta para a selección de alumnos/as, realizarase polas entidades colaboradoras, baseándose nos criterios de adaptación dos/as seleccionados/as aos obxectivos do curso.

Os/as empregados/as públicos poderán participar en cursos de formación durante os permisos por parto, adopción ou acollemento, así como durante a situación de excedencia por coidado de familiares, segundo o disposto nos artigos 49 e 89.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro

Dacordo co artigo 60 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, outorgarase preferencia na selección a quen se incorporou no prazo dun ano ao servizo activo, procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou haxan reingresado desde a situación de excedencia por razón de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, co obxecto de actualizar os coñecementos dos/as empregados/as públicos/as. Así mesmo, reservarase polo menos un 40 por cento das prazas nos cursos de formación para a súa adxudicación a mulleres que reúnan os requisitos establecidos, salvo que o número de solicitudes de mulleres sexa insuficiente para cubrir esta porcentaxe.

En aplicación do Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, valorarase como criterio de selección a quen se atope afectados por unha discapacidade cuxo grao de minusvalía sexa igual ou superior ao 33 %. As persoas con discapacidade que soliciten o curso poderán facer constar tal circunstancia na inscrición, e poderán indicar, así mesmo, as adaptacións necesarias no curso formativo, a condición de que fosen seleccionadas.

6. Réxime de asistencia.- Os/as alumnos/as deberán asistir con regularidade ao curso. Unha inasistencia superior ao 10 % no cómputo total de horas lectivas programadas imposibilitará a expedición da certificación e dará lugar á baixa no curso, coa perda de todos os dereitos.

Os/as alumnos/as seleccionados/as que non observen as regras elementais de participación, respecto e consideración cara a profesores/as, compañeiros/as ou persoal do INAP e, en xeral, que contraveñan o disposto no código ético do INAP (que poderá consultarse en (www.inap.es/conocenos) poderán ser excluídos/as das actividades formativas.

Para o desenvolvemento dos procesos de aprendizaxe, os alumnos contarán co acceso gratuíto a «Ágora» (<http://agora.edu.es/>), a La Administración al Día (<http://laadministracionaldia.inap.es>) e ao Banco de Conocimiento (<http://bci.inap.es/>), así como á Rede Social Profesional (<https://social.inap.es/>).

7. Información adicional.- Poderase solicitar información adicional chamando aos números de teléfono 982 260 065 / 982 260 036 da Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento da Deputación de Lugo.

8. Valoración dos cursos.- Para os efectos previstos no artigo 1, apartado D), da Orde de 10 de agosto de 1994, pola que se dictan normas sobre concursos de provisión de postos reservados a funcionarios/as da Administración Local con habilitación de carácter estatal, en relación co establecido na Resolución de 26 de outubro de 1994 do Instituto Nacional de Administración Pública (Boletín Oficial do Estado de 8 de novembro).

ANEXO**CURSO: PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS. PROBLEMÁTICA ACTUAL****IDENTIFICACIÓN DO CURSO:** FL20302900001**DATAS DE REALIZACIÓN:** 20, 21 e 22 de outubro de 2020**OBXECTIVOS:**

Coñecer as novidades que afectan o marco xurídico, as técnicas e instrumentos que inciden na planificación e ordenación dos recursos humanos.

DESTINATARIOS/AS:

Habilitados/as nacionais, directores/as, responsables e técnicos/as que desempeñen as súas funcións no ámbito dos Recursos Humanos

PROGRAMA:

1. Marco xurídico xeral da xestión dos recursos humanos nas entidades locais. Clases de persoal ao servizo das entidades locais. Dualidade de reximes: normativa básica e subsidiaria. Funcionarización do persoal laboral e a consolidación de emprego temporal.
2. O sistema retributivo no ámbito local. O modelo retributivo e sistema vixente. A estrutura salarial na administración local. As indemnizacións por razón do servizo. A avaliación do desempeño.
3. Función interventora en expedientes de persoal. Exercicio da función fiscalizadora tras o RD 424/2017. Réxime xeral ou limitado a requisitos básicos. Réxime simplificado en pequenos concellos.
4. Procesos selectivos no ámbito local. En quenda libre, en quenda por promoción interna. Reserva a persoal con discapacidade. As bolsas de emprego: creación e funcionamento. A estabilización.
5. A figura do “traballador/a indefinido/a non fixo”. Creación e evolución xurisprudencial. Doutrina TJUE e situación actual e incidencia nas administracións públicas. A incidencia na cesión de traballadores/as e na sucesión de empresas.
6. Os instrumentos da xestión do emprego público local. Planificación de recursos humanos na administración local. Oferta de emprego público ou instrumento similar. Rexistro de persoal. Estruturação do emprego público, especial incidencia da relación de postos de traballo. Plantillas versus RPT e prazas versus postos.
7. Provisión de postos de traballo. Principios. Provisión de postos de traballo con carácter definitivo. Provisión de postos de traballo con carácter temporal. Movilidade dos empregados/as públicos/as.

NÚMERO DE PRAZAS: 40**NÚMERO DE HORAS:** 20 horas lectivas**PUNTUACIÓN:** 0,20**HORARIO:** Das 10:00 h. ás 14,00 h. e das 16,00 h. ás 19:00 h. (20, 21 de outubro)

Das 10:00 h. ás 14:00 h. e das 16:00 h. ás 18:00 h. (22 de outubro)

LUGAR IMPARTICIÓN: Deputación de Lugo. Rúa San Marcos, 8. Lugo

Lugo, 7 de xullo de 2020.- O Presidente, José Tomé Roca. A Secretaria: María Esther Álvarez Martínez.

R. 1481

SERVIZO DE RRHH*Anuncio*

ANUNCIO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 10.07.2020 PARA A CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL NO BAREMO DE MÉRITOS DAS BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXES PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. COTA XERAL OU COTA DE DISCAPACITADOS (BOP núm. 079, do 06.04.2020)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 10.07.2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 13.03.2020, apróbanse as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), Anexo I.- Baremo de méritos e Anexo II Modelo solicitude procesos selectivos temporais da Deputación Provincial de Lugo, publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020

Producíndose erro material na transcripción das puntuación relativas a base 2.2.1.2 do Anexo I – Baremo de méritos das Bases Xerais e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos”, propónse a Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º.- Onde di:

2.2.1.2 Cadro de Valoracións dos certificados de profesionalidade:

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE	RELEVANTES	RELACIONADOS
NIVEL 1	0.50	0.30
NIVEL 2	0.40	0.20
NIVEL 3	0.30	0.10

2º.- Debe dicir:

2.2.1.2 Cadro de Valoracións dos certificados de profesionalidade:

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE	RELEVANTES	RELACIONADOS
NIVEL 3	0.50	0.30
NIVEL 2	0.40	0.20
NIVEL 1	0.30	0.10”

PAZO PROVINCIAL, 13 DE XULLO DE 2020.- A SECRETARIA XERAL.- María Esther Álvarez Martínez.

R. 1517

CONCELLOS CASTROVERDE

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión extraordinaria do 10 de xuño de 2020, de aprobación do expediente de modificación de créditos num. 4/2020, do orzamento en vigor, primeiro baixo a modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
